

## UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MOBILIZARSE ESTE PRIMEIRO DE MAIO POLOS DEREITOS LABORAIS, MELLORES SALARIOS, VIVENDA DIGNA E POLA PAZ

**Redacción.-** UGT-Galicia chama á cidadanía a participar nos actos e mobilizacións convocados para este Primeiro de Maio en Galicia que nesta edición vanse desenvolver baixo o lema “Dereitos, non trincheiras. Salarios, vivenda e democracia”.

UGT chama á participación nun momento decisivo no que están en xogo, non só as condicións de vida da clase traballadora, senón a propia calidade das democracias. Fronte a aqueles que buscan o enfrontamento e levantar trincheiras, o movemento sindical responde con máis dereitos, máis cohesión social e máis democracia.

Este Primeiro de Maio enmárcase nun contexto internacional marcado pola inestabilidade, a guerra e o cuestionamento do dereito internacional. Por iso, este Primeiro de Maio debe converterse nun berro polo fin das guerras e a protección da poboación civil. Nas rúas UGT tamén vai esixir unha Unión Europea valente e propositiva que se comprometa na defensa dos dereitos humanos.

O Sindicato considera que este tamén é un momento no que están en xogo as nosas sociedades tal e como as entendemos, as nosas propias democracias. Polo que é o momento de saír ás rúas para intentar frear o avance da ultradereita que non é unha opción política máis, trátase dun proxecto que cuestiona dereitos fundamentais, alimenta o odio e debilita a democracia. Fronte a quen promove o odio, o sindicalismo defende a igualdade, a convivencia e os dereitos humanos.

### Vivenda digna, reforma do despedimento, saúde laboral, redución xornada e máis e mellores servizos públicos

Este Primeiro de Maio hai que saír ás rúas, por todo isto e por un pacto



### ACTOS PRIMEIRO DE MAIO 2026

A CORUÑA	Ofrenda floral conxunta con CCOO no Cemiterio Civil.	10:00h
	Ofrenda floral na Praza de Pablo Iglesias.	11:00h
	Manifestación conxunta con CCOO dende a Praza da Palloza ata a Praza de Ourense.	12:00h
FERROL	Ofrenda floral conxunta con PSdG – PSOE (Monolito Pablo Iglesias)	11:00h
	Manifestación conxunta con CCOO dende Praza do Inferniño ata Praza de Armas	12:00h
SANTIAGO	Ofrenda floral (Parque Pablo Iglesias)	10:30h
	Manifestación conxunta con CC.OO dende Alameda ata Praza de Praterías.	12:00h
LUGO	Manifestación con saída da Casa Sindical ata a Praza de Arnañá (diante da Subdelegación do Goberno)	12:30h
OURENSE	Ofrenda floral conxunta co PSdG – PSOE no Busto de Pablo Iglesias.	10:30h
	Manifestación conxunta con CCOO con saída da Subdelegación do Goberno	12:00h
PONTEVEDRA	Manifestación con saída da Praza da Ferrería e remate na Praza de España	13:00h
VIGO	Ofrenda floral a Heraclio Botana conxunta co PSdG – PSOE no Cemiterio de Pereiró	10:00h
	Manifestación conxunta con CCOO con saída do Barco de Coia (Alfageme) ata o Parque de Castrelos	12:00h
VILAGARCÍA	Manifestación conxunta con CC.OO con saída da Praza Ravella	12:00h

político e social e unha intervención pública decidida que garanta unha vivenda digna, porque sen vivenda non hai proxecto de vida; pola mellora da seguridade e saúde no traballo; pola reforma do despedimento, para gañar en seguridade; pola regulación do tempo parcial, para acabar coa precariedade; por salarios dignos, para vivir mellor; pola redución da xornada la-

boral, para gañar tempo de vida; pola negociación colectiva, para gañar dereitos; polos servizos públicos, para asegurar a igualdade; pola transición ecolóxica xusta, para construír futuro; pola igualdade e a diversidade, para defender a democracia; e polo sindicalismo, para fortalecer a democracia. UGT lembra que os dereitos non se regalan, conquístanse.

## A SINISTRALIDADE LABORAL CONTINÚA INCREMENTÁNDOSE, UN 1,3% NO ÚLTIMO ANO, E XA VAN 7 FALECIDOS NOS DOUS PRIMEIROS MESES DE 2026

**UGT esixe a aceleración do trámite parlamentario para ratificar a modificación da Lei de Prevención de Riscos Laborais aprobada no Consello de Ministros**

**Redacción.-** Un ano máis, UGT-Galicia lamenta que o 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, teña que celebrarse denunciando a secuela da sinistralidade laboral que continúa presente no mercado laboral galego. E este ano (dous primeiros meses, datos do Ministerio) arrancou, neste senso, con cifras moi negativas, xa con 7 persoas falecidas e un total de 4.516 sinistros nesta Comunidade. Ademais, no 2025, en relación ao 2024, a sinistralidade aumentou nun 1,3% pero é que o número de sinistros mortais “in itinere” medrou no último ano nun 67%. Custa moito dixerir como ano tras ano continúan producíndose accidentes por causas facilmente evitables. UGT-Galicia vai conmemorar esta data baixo o lema “A Lei non nos protexe, o século XXI esixe cambios”.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran secuela do mercado de traballo. No ano 2025 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo ISSGA, 30.749 accidentes laborais, no ano anterior contabilizáronse 30.359 accidentes, o que supón un incremento do 1,3%. Hai que precisar que todas estas cifras inclúen os accidentes “in itinere” e só os accidentes con baixa.

Deste total, 30.254 foron accidentes de carácter leve, 440 graves e 55 mortais. Hai que subliñar o perigoso incremento da sinistralidade mortal “in itinere”, do 67%, ao pasar de 6 persoas falecidas no 2024 a 10 no 2025.

Por sector de actividade económica (aquí só se detallan os sinistros en xornada, non os in itinere, xa que o ISSGA non facilita esta estatística desglosada), agricultura acumulou no 2025 un total de 1.084 sinistros; pesca, 606; industria, 7.147; construción, 4.169; e servizos, 14.547. Dos mortais, 19 corresponden ao sector servizos, 9 á construción, 9 tamén á industria, 3 á pesca e 5 á agricultura. Hai que subliñar que, en relación ao ano anterior, 2024, en canto aos mortais, destaca o incremento do 29% no sector da industria. Sector que en termos globais tamén rexistra o maior incremento anual, do 5,21%.

Territorialmente (en xornada e in itinere), é a provincia da Coruña a que máis accidentes rexistrou, 13.151 e con 24

mortais. Pontevedra rexistrou 11.282, con 15 mortais; Lugo, 3.108, con 11 falecidos; e Ourense, 3.208, con 5 persoas mortas.

**Infartos e outras patoloxías non traumáticas son as causas que ocasionan máis accidentes mortais, case a metade da totalidade dos falecidos. Urxen medidas que reduzan os riscos psicosociais**

Dentro dos accidentes laborais mortais (o ISSGA nas estatísticas non inclúe neste desglose os “in itinere”), 21 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas, o que representa o 47% do total, sendo os máis numerosos, segundo os datos facilitados polo ISSGA. Despois están as mortes producidas por choques ou golpes contra obxectos en movemento, con 8 persoas falecidas, o 18% do total. Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles acumula 4 falecidos e 6 os atrapamentos e amputacións. Dúas mortes producíronse por contacto con corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas, unha por contacto con axente cortante ou punzante, unha tamén por sobreesforzo, trauma psíquico ou exposición a radicacións e dúas por afogamento ou sepultamento.

Neste senso, UGT-Galicia demanda políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ó índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi no 2025 de 2.588,85. Este índice, no caso dos sinistros mortais,

situouse no 4,23.

Neste senso, dende UGT-Galicia alérgase do feito que, un ano máis, esta Comunidade sitúase entre as que teñen un maior índice de incidencia de sinistralidade mortal. Isto significa que se se analizan os accidentes laborais mortais dimensionados segundo o número total de asalariados, Galicia está entre as que máis falecidos rexistra. Así, cun 4,23, só se ve superada por Asturias, cun índice de 5,24; Castela A Mancha, do 5,32; e Murcia, do 4,32.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo nos que non foi necesaria a baixa, un total de 12.312 no 2025.

**UGT denuncia a infradeclaración das enfermidades profesionais, sobre todo, nos cancros de orixe laboral, con tan só 5 comunicacións en todo o 2025**



Mención aparte merecen as enfermidades profesionais, con tan só 926 casos rexistrados en Galicia no 2025 con baixa e 646 sen baixa, o que evidencia a súa infradeclaración. Deste total, 740 corresponden ó denominado grupo II (enfermidades causadas por axentes físicos). Estas son as que ocasionan baixa. E, sen baixa, 485. Séguenlle os 101 casos do grupo IV (enfermidades causadas por inhalación de substancias e axentes), ás que lle hai que sumar 68 sen baixa. 37 do grupo I (axentes químicos) e 34 sen baixa. 16 do III (axentes biolóxicos) e 26 sen baixa. 29 do V (enfermidades profesionais da pel) con 31 sen baixa. E 5 do grupo VI, enfermidades profesionais causadas por axentes carcinóxenos. Por sectores, os que máis acumulan son industria, con 703 (sumadas as de baixas e sen baixa), seguida do sector servizos, con 695.

Para UGT, o procedemento de notificación e o rexistro son inoperantes, privando ás persoas traballadoras do recoñecemento da orixe laboral da súa enfermidade e do acceso ás prestacións ás que ten dereito. Ademais de ter un impacto directo na prevención porque o que non se rexistra non existe e, polo tanto, non se adoptan medidas preventivas. E, se nalgún tipo de patoloxías é especialmente escandalosa a súa infradeclaración é no caso dos cancros de orixe laboral. No 2025 tan só comunicáronse 5 casos do grupo VI (enfermidade profesional causada por axentes carcinóxenos). Isto contrasta coa estimación de que en España anualmente falecen 8.700 homes e 850 mulleres por cancros debidos a exposicións laborais.

## Galicia rexistra 4.516 sinistros xa nos dous primeiros meses de 2026

Nos dous primeiros meses de 2026, segundo os datos do Ministerio, Galicia rexistrou un total de 4.516 sinistros (incluídos os "in itinere"). Destes, 4.448 foron leves; 61 graves; e 7 resultaron mortais.

Por provincias, A Coruña rexistrou 1.903 sinistros; Pontevedra, 1.658; 467 Lugo; e 488 Ourense. A distribución dos mortais, nos dous primeiros meses do ano, foi de 2 na Coruña; 2 en Lugo; 1 en Ourense; e 2 en Pontevedra.

Por todo isto, UGT-Galicia demanda, este 28 de abril, que a seguridade e saúde no traballo sexan un dereito real e efectivo.

## A modificación da Lei bota a andar

Precisamente esta semana, o Con-

sello de Ministros aprobou o Anteproxecto de lei, que recolle o acordo alcanzado en materia de prevención de riscos laborais polo Goberno e os sindicatos para a modificación da actual Lei de Prevención de Riscos Laborais e do Regulamento dos Servizos de Prevención. Máis de 700 persoas están a morrer en accidente de traballo cada ano, e iso fai que a actualización da devandita lei sexa unha obrigación da sociedade no seu conxunto.

O texto, que agora comezará o seu trámite parlamentario, pretende adaptar a normativa á nova realidade do mercado de traballo, xa que dota de perspectiva de xénero e idade á xestión preventiva e abórdanse os desafíos que conlevan as transicións dixital, climática e demográfica desde un enfoque amplo e integral. A este respecto, obriga a revisar a avaliación de riscos nos casos de cambios nas condicións de traballo que supoñan a aparición de novos riscos, incluídos os derivados do cambio climático, da dixitalización ou das novas formas de organización de traballo. Ademais, coa modificación da Lei de Prevención de Riscos Laborais alcanzárase unha mellora na xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral, xa que fomenta as avaliacións de riscos psicosociais. Outra novidade é que a vixilancia da saúde, alén de incluír o estado físico, tamén debe contemplar o estado mental.

Doutra banda, inclúese a definición de violencia e acoso laboral en liña co C190 da OIT, ratificado por España. Nesta definición establécese que devanditas condutas poden suceder unha soa vez ou de xeito reiterado e inclúe a realizada a través das novas tecnoloxías ou por uso de algoritmos ou IA. Ademais, inclúese o compromiso do Goberno de aprobar unha norma para a xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral, como xa existe para outros riscos.

Respecto á dixitalización, ademais, específica que na avaliación de riscos débense incluír os factores de natureza organizativa, é dicir, aqueles relacionadas coas condicións de traballo, as características da tarefa e a organización do tempo de traballo, entre outros, e inclúese o dereito á desconexión dixital. Para abordar os riscos laborais derivados do cambio climático, o Anteproxecto de lei establece que entre as medidas de emerxencia débense contemplar a actuación fronte a catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos e, ademais, amplíase a definición de risco grave e inminente. En canto aos riscos derivados da transición demográfica, o texto dota de perspectiva de idade á xestión preventiva. Isto vai permitir adaptar o traballo á persoa. Ademais, establécese as actividades prohibidas a menores de

idade, entre as que se atopan aquelas que impliquen exposición a actos ou representacións de carácter pornográfico ou violento ou traballos que superen obxectivamente as capacidades físicas ou psicolóxicas dos menores.

A modificación normativa dota tamén de perspectiva de xénero, promovendo a eliminación de desigualdades entre homes e mulleres no ámbito preventivo. Ademais, refórzase a protección das mulleres embarazadas ou en período de lactación natural xa que, entre outros, establécese a obrigación de realizar unha avaliación específica unha vez comunicado o embarazo, na que se teñan en conta tanto as condicións de traballo existentes como o estado de saúde.

En canto aos cambios que afectan á xestión preventiva, elimínase a posibilidade de que o empresario/a asuma persoalmente a actividade preventiva en empresas de ata 25 persoas traballadoras, reducíndose a 10 persoas en persoal; refórzase a figura do traballador designado e redúcese o cociente de persoal para que as empresas teñan obrigación de constituír un servizo de prevención propio. Tamén se inclúen os protocolos de adaptación ao posto de traballo tras ausencia prolongada por motivos de saúde, nos que deberán recollerse as adaptacións que deban realizarse para a reincorporación, así como a actualización da formación preventiva en casos de ausencias superiores a 6 meses.

En canto á formación en materia preventiva, refórzanse tanto a presencialidade e os contidos e inclúese a bonificación da formación obrigatoria de PRL ás empresas de menos de 10 persoas traballadoras. Para axudar a integrar a cultura preventiva nas PEMES, créase a figura do Axente Territorial de Prevención, con funcións en empresas que teñan menos de 10 persoas traballadoras e que non teñan representación legal das persoas traballadoras. Ademais, auméntase o crédito horario dos delegados e delegadas de prevención nun 20% e recoñécese o dereito a consulta sobre a elección da Mutua e do Servizo de Prevención Alleo.

UGT considera inaprazable que neste 2026, declarado como ano da Seguridade e Saúde no Traballo, apróbese a reforma da Lei de Prevención de Riscos Laborais. A sociedade e a clase traballadora necesitan urxentemente, polo que o sindicato pide ao conxunto de forzas políticas que debatan antepoñendo a seguridade e saúde da clase traballadora sobre outro tipo de criterios. A protección da saúde e da vida no traballo están en risco. A nova Lei debe adaptarse aos novos tempos e protexer a quen cada día sae a gañarse a vida.

# UGT-GALICIA ADVIRTE DA IMPORTANCIA DA REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL TRAS OS DATOS DA EPA

*O sindicato valora como os datos que ofrece a EPA dan claves sobre as medidas necesarias en materia laboral que deben encabezar a negociación colectiva para mellorar as condicións das persoas traballadoras*

**Redacción.-** Os datos do primeiro trimestre da EPA en 2026 rexistran un descenso da ocupación de 8.800 persoas e un aumento do desemprego de 9.000 persoas. Este comportamento estacional é habitual no primeiro trimestre do ano, o peor sempre para o emprego.

En primeiro lugar, a ocupación desce en termos trimestrais en 8.800 persoas (un -0,7%). Con todo, en termos interanuais o emprego aumenta en 28.000 de persoas, o que equivale a un incremento do 2,4%. Esta taxa de variación é similar á rexistrada en trimestres anteriores, polo que o inicio do ano prolonga a tendencia de creación de emprego observada desde o final da pandemia. En total, hai 1.178.100 persoas ocupadas en Galicia, a mellor cifra para un primeiro trimestre dende 2009. Cabe destacar que este resultado prodúcese nun contexto novamente complexo e incerto, dado que, desde finais de febreiro, a economía está exposta a un shock externo derivado da guerra ilegal provocada por Estados Unidos e Israel contra Irán.

Pola súa banda, o número de persoas desempregadas aumentou este trimestre en 9.000, situando o total en 115.900 persoas. En consecuencia, a taxa de paro sitúase no 9%. En termos interanuais, o número de persoas paradas tamén aumenta en 4.900, un 4,4% máis. Contrariamente ao que sucede no resto do Estado, onde se rexistra un descenso do 2,9%. Isto indica que resulta necesario seguir reforzando a capacidade de redución do desemprego en Galicia para absorber as máis de 115.000 persoas en paro, con especial atención ao desemprego de longa duración, que neste trimestre afecta 40.300 persoas.

Para rematar, a taxa de temporalidade situouse no 11,6, cunha menor diminución do emprego indefinido que do temporal. Trátase do mellor dato xamais rexistrado en toda a serie histórica e é o resultado directo da aplicación da reforma laboral de 2021. Este indicador sitúase 13,7 puntos por baixo do rexistrado en 2021 (25,3%), antes da entrada en vigor da devandita reforma.

Na véspera do 1º de maio, data sinalada para a clase traballadora, resulta fundamental continuar impulsando as transformacións necesarias no mercado de traballo, dando continuidade ás reformas emprendidas desde 2018. Neste

sentido, é prioritario reducir a xornada laboral máxima ata as 37,5 horas, co obxectivo de mellorar a conciliación e o tempo de vida, tal e como recolle o manifesto que publicamos. Así mesmo, a parcialidade continúa sendo elevada, en moitos casos como consecuencia dun uso fraudulento desta modalidade contractual, o que esixe unha reforma normativa que impida estas prácticas prexudiciais para as persoas traballadoras.

Doutra banda, a regulación do despedimento segue sendo unha cuestión pendente en España, especialmente tras a reforma laboral de 2012, que debilitou a protección fronte ao despedimento inxusto e ilegal mediante a redución sistemática das indemnizacións e a eliminación dos salarios de tramitación. Por iso, UGT reclama unha reforma que restableza a equidade nesta materia e garanta a reparación íntegra ás persoas traballadoras afectadas, en liña coa Carta Social Europea e cos pronunciamentos do Comité Europeo de Dereitos Sociais, que sinalou que o sistema español non ofrece unha protección adecuada fronte ao despedimento improcedente.

Así mesmo, é necesario impulsar un novo Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva que permita continuar elevando os salarios e asegurar unha distribución máis equitativa dos incrementos de marxes e beneficios empresariais.

Do mesmo xeito, o elevado peso do desemprego de longa duración, que afectaba ao 34,7% das persoas desempregadas no primeiro trimestre do ano, pon de manifesto as limitacións das actuais políticas activas de emprego. En consecuencia, resulta imprescindible reforzar os servizos públicos de emprego, dotándoo de recursos suficientes para ofrecer unha orientación personalizada e unha intermediación eficaz que facilite a reincorporación laboral das persoas en situación de maior vulnerabilidade.

En resumo, pese ao impacto de factores estacionais, os datos axustados evi-



dencian unha evolución favorable do mercado laboral, con creación sostida do emprego e unha paulatina redución do desemprego. No entanto, persisten desafíos estruturais, como a elevada temporalidade residual, a parcialidade non desexada, as deficiencias na protección fronte ao despedimento e o peso do paro de longa duración, que requiren un impulso reformador adicional para consolidar a calidade do emprego e garantir unha mellora equitativa das condicións laborais.

## Datos de interese

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2026 publicada polo INE, houbo un descenso da ocupación respecto ao trimestre anterior, 8.800 persoas ocupadas menos, co que se alcanza un total de 1.178.100 persoas empregadas. Este dato é un 2,4% superior ao do primeiro trimestre de 2025, resultando en 28.000 persoas empregadas máis respecto a hai un ano. Por sectores económicos, o emprego diminúe neste trimestre en todos eles excepto no primario. Así, baixa en 2.000 persoas na industria, en 2.500 na construción e 4.600 no sector servizos. Pola contra, sube en 200 no sector primario. Obsérvase que é o sector servizos o que máis sofre a baixada da ocupación neste trimestre.

O número de persoas desempregadas aumentou en 9.000 respecto ao trimestre anterior. Como consecuencia, hai un total de 115.900 persoas paradas, o segundo mellor dato nun primeiro trimestre desde 2008. No que respecta á taxa de paro, esta sitúase nun 9%. Pola súa banda, a porcentaxe de parados de longa duración, é dicir, as persoas que levan á busca de emprego máis dun ano, situouse no 34,7%. En total, contabilízanse 40.300 de persoas desempregadas nestas circunstancias.

## GALICIA ACOLLEU DE NOVO MOBILIZACIÓNS PARA DEMANDAR QUE SE PARE A QUERRA EN ORIENTE MEDIO



**Redacción.-** UGT-Galicia sumouse ás concentracións convocadas o pasado venres e sábado en toda Galicia pola plataforma “Parar a Guerra”. O mundo vive un momento crucial onde as tensións convertéronse en agresións e ataques permanentes. Estamos ao bordo dun conflito verdadeiramente global, mentres ninguén pode negar que se está despregando unha guerra na totalidade da rexión de Oriente Medio. Por estes motivos, consideramos que é crucial rexeitar principalmente: os bombardeos ilegais de EE.UU e Israel, o réxime ditatorial dos aiatolás, a grave ameaza para a paz mundial e o asasinato de inocentes. Á vez que se reclama un alto ao lume inmediato, unha solución pacífica para Oriente Medio, onde se inclúa o fin do xenocidio palestino e o recoñecemento dos dereitos do pobo palestino.

## NOVA XORNADA DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO TÉXTIL PARA DICIR NON AO CONVENIO DE ARTE

*O sector denuncia que este convenio supón unha perda significativa de dereitos laborais*

**Redacción.-** O pasado luns as traballadoras e traballadores do sector volveron saír ás rúas e protagonizaron unha xornada de folga para dicir non ao preacordo do convenio de ARTE.

As concentracións, desenvolvidas nas cidades galegas contaron cunha ampla participación de persoas traballadoras do sector do comercio, que saíron á rúa para defender os seus dereitos laborais e expresar o seu malestar cun acordo que consideran prexudicial. UGT considera que este acordo supón un retroceso en dereitos laborais fundamentais conquistados tras anos de negociación.

O preacordo expón a eliminación ou o enfraquecemento de aspectos clave como as licenzas retribuídas, complementos económicos, garantías sobre a xornada laboral ou a estabilidade na contratación. Neste sentido, advirten que a súa aplicación implicaría unha precarización do sector do comercio.

UGT agradece a implicación e o compromiso de todas as persoas que participaron nas protestas, subliñando que a resposta colectiva demostra a importancia da mobilización para frear medidas que supoñan unha perda de dereitos.

A Organización insiste en que seguirá traballando e defendendo unhas condicións laborais dignas para o conxunto do sector, reiterando o seu rexeitamento a calquera acordo que implique retrocesos nas conquistas logradas tras anos de negociación.



## OS TRABALLADORES DO METAL DA CORUÑA RECLAMAN UNHA NEGOCIACIÓN REAL DO CONVENIO DO SECTOR

**Redacción.-** Os traballadores do metal da provincia da Coruña mobilizáronse este mércores fronte á sede da patronal na cidade herculina para reclamar unha negociación real do convenio do sector.

Denuncian que xa pasaron máis de cinco meses da constitución da mesa e a situación continúa bloqueada. Mentras isto acontece, a carestía da vida non deixa de crecer, o prezo dos combustibles, pagar a vivenda ou encher o carro da compra é cada vez máis complexo e os salarios non están a dar resposta a esta situación.

Fronte a isto, a negociación do convenio permanece paralizada, a día de hoxe a patronal aínda non puxo enriba da mesa

propostas sobre xornada, salarios ou outras condicións básicas.

UGT FICA leva tempo esixindo un calendario de negociación áxil e resolutivo, que permita avanzar. E, ante a parálise patronal, o Sindicato decidiu abrir un calendario de mobilizacións porque os traballadores do sector queren unha negociación real xa que aborde as súas necesidades.



## AS FEDERACIÓNS DE PENSIONISTAS DE UGT E CCOO MOBILÍZANSE ANTE A CRISE DA DEPENDENCIA CAUSADA POLA FALTA DE INVESTIMENTO E O MODELO PRIVATIZADOR DA XUNTA

**Redacción.-** O secretario xeral da Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia, Valentín Tato Sánchez, e o secretario xeral da Federación de Pensionistas de CCOO de Galicia, Ramiro Otero Rodríguez, anunciaron unha campaña de mobilizacións ante a «crise da dependencia», que atribúen ao escaso investimento da Xunta na materia —a máis baixa do Estado— e ao seu modelo «privatizador». Anunciaron que a primeira protesta será o próximo 5 de maio ás 11:00, ante a sede do Goberno galego, e aproveitaron para reclamar unha reunión coa conselleira de Política Social.

Nunha conferencia de prensa explicaron que se trata dunha campaña conxunta de ámbito estatal, pero salientaron que en Galicia, co 26,6% de persoas maiores de 65 anos, o sistema de atención á dependencia é máis necesario ca noutros territorios. E, porén, a situación dos servizos é peor, con datos como as 3,43 camas por cada 100 maiores de 65, cando a ratio recomendada pola OMS é de cinco camas. Neste senso, UGT cifra en 11 000 prazas de residencia o déficit que sofre a comunidade.

Incidiron no descoñecemento que parte das persoas beneficiarias teñen do sistema de atención, mentres que para moitas das que si o coñecen ou non chega ou o fai tarde, xerando unha sobrecarga das familias. Sinalaron que no ano 2025 morreron 88 persoas men-

tres agardaban por unha prestación e que a espera media para acceder ao seu dereito foi de 324 días. Neste aspecto, Valentín Tato agregou que os datos melloraron nos últimos anos, pero que o investimento segue a ser moi insuficiente, con Galicia á cola do Estado, con 1317 euros por dependente fronte aos 2779 de Extremadura ou os 2835 da comunidade que máis inviste, o País Vasco. «É unha diferenza enorme», aseverou o secretario xeral da Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia, que incidiu en que a calidade do servizo «é mala».

Tamén se criticou o plan da Xunta para simplificar o acceso á dependencia e a discapacidade, en vigor desde o ano pasado, por ser un «modelo burocrático de mero rexistro, que incrementa as demoras» e que, ademais, non ten en conta a participación das traballadoras e traballadores sociais. O groso das prestacións en Galicia acaban sendo de baixa intensidade, «de baixo custo» para a Administración, como teleasistencia (46 287), axuda no fogar (22 219) ou bonos para pagar residencias privadas (8371) ou coidados familiares (36 638). Porén, as prestacións de intensidade alta, como as residencias, son as que teñen un menor número de persoas beneficiarias, 7245. Neste senso, recalcaron que as persoas teñen dereito a acceder á atención que desexen, pero que iso non se cumpre pola escaseza de prazas residenciais públicas. Non é posible, re-



probaron, porque a Xunta non constrúe ningún centro público desde 2009.

Os Pensionistas de CCOO e de UGT reclamaron o apoio de toda a poboación á súa xeira de protestas e resumiron as súas reivindicacións en seis puntos: máis financiamento do Estado e da Xunta, máis persoal en todo o proceso dende a tramitación ata a atención final, que a atención se faga con servizos profesionais, que se reduza o copagamento, que se creen máis prazas en residencias públicas e a reversión do plan da Xunta de Galicia para simplificar o acceso á dependencia e discapacidade.

## UGT RECLAMA QUE O PODER ADQUISITIVO DAS PERSOAS TRABALLADORAS NON SE VEXA AFECTADO POLOS CONFLITOS GLOBAIS

*Tras coñecer os datos do IPC, o sindicato reivindica neste Primeiro de Maio medidas para reforzar o estado do benestar e que os traballadores e as traballadoras non paguen as consecuencias das guerras*

**Redacción.-** Os datos do IPC adiantado do mes de abril, publicados esta semana polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,2%, dúas décimas menos que o mes de marzo. Este descenso débese, principalmente, ao comportamento da electricidade, tras a baixada impositiva implementada polo Goberno. Pola súa banda, os carburantes —gasolina e gasóleo— seguen subindo de prezo, como consecuencia da guerra iniciada por EE.UU en Oriente Medio e o seu impacto sobre os mercados enerxéticos.

A inflación subxacente, que exclúe os compoñentes máis volátiles e reflicte mellor a evolución estrutural dos prezos, modérase unha décima, ata o 2,8%. Deste xeito, a diferenza entre a taxa xeral e a subxacente recórtase ata as catro décimas. Así, o actual repunte inflacionista concéntrase en factores externos e enerxéticos, de modo que, polo momento, non se trasladou de forma directa ao resto de bens e servizos.

No entanto, a experiencia pasada recente revela que ese efecto custo é aproveitado polas empresas para incrementar os seus beneficios, provocando unha segunda onda inflacionista, o que presiona

á baixa os salarios reais das persoas traballadoras.

Por iso, insistimos en que a estratexia sindical no actual contexto inflacionario e de expectativas negativas debe apoiarse en principios de coordinación salarial, preservación do poder adquisitivo e coherencia macroeconómica. Por iso, propónse unha arquitectura estratéxica baseada no reforzamento do rol do AENC como mecanismo de coordinación

Así, o AENC constitúe o principal instrumento para a aliñación de expectativas salariais no ámbito estatal. Neste sentido, a estratexia sindical debe centrarse en:

Consolidar o incremento salarial mínimo do 4 % anual para 2026–2028, conforme as propostas sindicais xa formuladas.

Garantir que esta orientación se traslade efectivamente á negociación sectorial, evitando mecanismos de absorción ou compensación que erosionen o seu impacto real.

Fortalecemento das cláusulas de garantía salarial.

Pola súa banda, a capacidade de resistencia que está a mostrar a nosa economía ante os grandes retos actuais responde, en boa medida, ás políticas desenvolvidas nos últimos anos, que demostraron que a mellora dos dereitos laborais contribúe simultaneamente a elevar a calidade de vida das persoas traballadoras e a fortalecer os resultados económicos. Con todo, UGT reclama tamén a aprobación de axudas directas a familias con rendas baixas, de xeito similar á axuda que xa se implementou durante a anterior crise inflacionaria derivada do inicio da invasión rusa de Ucraína.

Para rematar, UGT fai un chamado á mobilización para seguir defendendo o emprego de calidade, o estado do benestar e a paz. Porque está en xogo o futuro do traballo e a capacidade das familias para vivir con dignidade. Por iso, fronte á guerra, fronte a quen empobrece á maioría social e fronte a quen pretende privatizar o que é de todos, este Primeiro de Maio saímos a reclamar unha repartición máis xusta da riqueza. Porque os dereitos se defenden e o que non se loita, pérdese.

## UGT INSTA A ACTIVAR AS CANLES XURÍDICAS FRONTE A UNHA SENTENZA QUE LIMITA GRAVEMENTE A ACTUACIÓN DA INSPECCIÓN DE TRABALLO E A SEGURIDADE XURÍDICA LABORAL

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) manifesta o seu firme rexeitamento á sentenza do Tribunal Supremo do 14 de abril de 2026, coñecida esta semana, que introduce unha interpretación sorprendente e restritiva do artigo 13.1 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, Ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, debilitando de forma significativa a capacidade de actuación da Inspección de Traballo.

Esta Lei regula o funcionamento da Inspección e recoñece unha facultade esencial para garantir o cumprimento da normativa laboral: a posibilidade de que os inspectores entren libremente e sen aviso previo nos centros de traballo. Só establece unha excepción expresa: cando o centro coincida co domicilio dunha persoa física, nese caso requírese consentimento ou autorización xudicial.

Con todo, esta sentenza constrúe o seu relato sobre un suposto “silencio” da norma respecto ao domicilio social das persoas xurídicas e, a partir de aí, esixe autorización xudicial previa para a entrada nestes espazos. Non se trata do que a lei di, senón do que se afirma que omite. Estender esa única excepción legal- o domicilio particular- ás empresas supón, na práctica, ampliar os límites previstos polo lexislador e contradicir un principio básico: as excepcións deben interpretarse de forma restritiva.

Esta interpretación, ademais, ignora os compromisos internacionais asumidos por España. O Convenio núm. 81 da OIT recoñece amplas facultades de acceso á Inspección de Traballo como elemento esencial do sistema de control. Desde o plano constitucional, UGT lembra que un eventual xuízo sobre a adecuación da lei

ao artigo 18.2 da Constitución corresponde ao Tribunal Constitucional, non ao Tribunal Supremo. Máxime cando a protección do domicilio social das persoas xurídicas non pode equipararse sen matices ao domicilio das persoas, o único protexido constitucionalmente.

As consecuencias desta sentenza son profundas. Nun país onde a maioría das empresas son microempresas e pemes, o domicilio social e o centro de traballo coinciden habitualmente. Esixir autorización xudicial previa nestes casos limita de facto a actuación inspectora e compromete a loita contra a fraude laboral.

UGT advirte de que esta doutrina pon en risco a seguridade xurídica nas relacións laborais e pode baleirar de contido un dos instrumentos craves de garantía de dereitos.

# PP, JUNTS, VOX E PNV NÉGANSE A VALIDAR A PRÓRROGA QUE XA PROTEXE A MÁIS DE 35.000 FAMILIAS DAS SUBIDAS DO ALUGUEIRO

*As organizacións sociais denuncian a falta de acción das administracións para defender o dereito á vivenda e chaman á mobilización nas rúas durante as próximas semanas*



**Redacción.-** A Coalición #NiUnDesahucioMás, que engloba a máis de 100 organizacións sociais, estima que neste mes de vixencia da Real Decreto Lei solicitáronse máis de 33.500 prórrogas.

Hoxe no Congreso dos Deputados votábase a convalidación da Real Decreto Lei para a prórroga de alugueiros e limitación á subida interanual da renda do alugueiro, o cal decaeu cos votos en contra do PP, VOX, JUNTS e UPN, a mesma coalición que tombou hai escasos meses a moratoria anti-desafiuizamentos. Ademais, nesta última votación, PNV abstívose.

A Coalición #NiUnDesahucioMás estima que neste mes de vixencia do Real Decreto solicitáronse máis de 33.500 prórrogas, as cales se deberán respectar por parte da propiedade e os tribunais ao solicitarse durante o seu período de vixencia e gozar de total validez xurídica. No entanto, a pesar do esforzo realizado polas organizacións sociais para chegar a este número de prórrogas, centos de miles que non o puideron solicitar quedarán en desprotección ao non validarse a Real Decreto-Lei. Segundo cifras do Ministerio de Consumo, ao redor dun millón de inquilinos podían acollerse á prórroga, medida que tivo un amplo eco social e mediático, de xeito que o número de prórrogas solicitadas foi moi superior á cifra estimada polas nosas organizacións.

Deste xeito, expónse un contexto alarmante para o dereito á vivenda.

Coa caída da moratoria anti-desafiuizamentos e a prórroga de alugueiros, nos próximos meses pódese producir un tsunami de desafiuzamentos. A activación dos 70.000 desafiuzamentos paralizados, máis todos os desafiuzamentos invisibles que se produzan daqueles alugueiros que non se acollesen á prórroga, agravará de xeito exacerbado a crise de vivenda que atravesamos o país.

Denunciamos que as administracións públicas non están a dar resposta a esta grave crise e, mesmo en zonas onde nin sequera se fixo declaración de zona de mercado residencial tensionado, non existe provisión razoable de vivendas para acoller a toda a xente que será desaloxada nos próximos meses e anos, se non se toman medidas moito máis ambiciosas.

Desde a Coalición #NiUnDesahucioMás pensamos que esta situación non poderá ser mitigada coa recente aprobación do Plan Estatal de Vivenda, que, aínda que aposta por ampliar o parque de vivenda de protección oficial permanente, non prevé os recursos suficientes para conseguir as cantidades inxentes de vivenda a prezo alcanzable que se necesitan para mitigar o principal problema da sociedade española. Ademais, ata que as medidas propostas no Plan sexan aplicadas, as familias seguirán sen poder acceder a vivendas e seguirán sufrindo desafiuzamentos diarios.

Reclamamos unha vez máis un plan de continxencia ou “de choque”

valente, que aborde de xeito estrutural e inmediato o problema da especulación coa vivenda. Entre as medidas propostas debería incluír a recuperación da moratoria de desafiuzamentos, contratos de arrendamento indefinidos, control de prezos da vivenda e captación de vivenda mediante a figura do tenteo e retracto para ser destinada a alugueiro social e alcanzable. Trátase de medidas conxunturais imprescindibles mentres se traballa para aumentar o parque de vivenda social que nos equipare aos países máis avanzados do mundo na materia, nos cales afirmar que “a vivenda é o quinto pilar do estado do benestar” non soa a slogan, senón a realidade.

Á súa vez, mentres que se reduce a protección en materia de vivenda coa poboación vulnerable, está a producirse unha inacción por parte das administracións públicas ante o mercado de fondos voitre con antiga vivenda pública. Hai escasas semanas, facíase pública a venda de 5.000 vivendas de Blackstone a Brookfield, deixando no limbo a situación dos seus inquilinos.

Ante todos estes acontecementos, a Coalición #NiUnDesahucioMás anuncia que durante as próximas semanas convocaranse mobilizacións masivas para facer fronte a esta situación e sinalar a todos os responsables políticos, e fai un chamado á cidadanía para que esixa na rúa e, de xeito urxente, medidas a todos os niveis da administración que sexan solucións reais ao problema da vivenda.